

***Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a avaliación de diagnóstico 2009, que se celebrará o día 21 de outubro en todos os centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten cuarto curso de educación primaria e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria.***

Próxima a celebración da avaliación de diagnóstico nos centros educativos da nosa comunidade, e co fin de facilitar este proceso a todos os axentes implicados na mesma, esta dirección xeral fai chegar as seguintes instrucións:

1. Todo o procedemento de aplicación da proba de avaliación de diagnóstico nos centros educativos estará regulamentado por medio da aplicación informática ***avaldia***. Dita aplicación estará activa a partir do día 15 de outubro de 2009.
2. O modo de entrar na aplicación é tecleando na barra de dirección: [www.edu.xunta.es/avaldia](http://www.edu.xunta.es/avaldia).
3. Unha vez dentro, cómpre descargar o **manual de usuario da aplicación** que está situado na pestana 7.3, “descarga de documentos” e no que se dá conta, de xeito pormenorizado, de todos os aspectos referidos á aplicación ***avaldia***.
4. A partir do día en que a aplicación estea activa, os directores e directoras dos centros educativos deberán crear os perfís de usuarios da aplicación, de conformidade co artigo 8º da resolución do 18 de maio de 2009 (DOG do 29 de maio).
  - a. Os directores e directoras dos centros están habilitados de oficio para utilizar a aplicación (**perfil de “dirección”**) e teñen capacidade para crear outros perfís de usuarios.
  - b. Deben dar de alta ás persoas que van a realizar a carga de datos na aplicación (**perfil de “cargador de datos”**). O procedemento explícase no manual no apartado 2.4 . Cada centro habilitará o número de cargadores imprescindible, tal e como se establece no artigo 8ºc. da antedita resolución.
  - c. Cabe a posibilidade de que a dirección habilite a **unha segunda persoa** do centro **co seu mesmo perfil** (perfil de “dirección”). Neste caso, será preferentemente un membro do equipo directivo ou un membro da comisión de coordinación da avaliación.
  - d. As persoas co perfil de dirección son **as únicas** que poden acceder á descarga dos materiais da proba.

5. Con anterioridade ao día de celebración da proba, a dirección do centro debe comprobar que a listaxe de alumnos e alumnas é a correcta. En relación a este tema, pódense dar diversas circunstancias:
  - a. **Centros con xadeweb:** desde a administración realízase unha precarga dos grupos e das listaxes de alumnado ao que lle corresponde realizar a avaliación de diagnóstico 2009 (**alumnado que no curso 2008-2009 cursaban 4º de educación primaria e 2º de educación secundaria obrigatoria**), pero o centro, por medio das persoas habilitadas co perfil de dirección, deberán actualizar dita listaxe.
  - b. **Centros que non teñen xadeweb:** deberán cargar a listaxe completa do alumnado obxecto de avaliación.
6. Os centros con xadeweb, á hora de configurar definitivamente as listaxes e os grupos, pódense encontrar con diversas circunstancias (consultar procedemento no manual de aplicación):
  - a. Alumnado de **nova incorporación** ao centro: os alumnos e alumnas que se incorporan no curso 2009-2010 ao centro en 5º curso de educación primaria ou 3º da ESO, e que o ano anterior, cursaron, respectivamente 4º de educación primaria e 2º da ESO, deben ser incorporados á listaxe de alumnado que realiza a proba.
  - b. Alumnado que xa **non está no centro:** hai que eliminalo da listaxe .
  - c. Alumnado que no curso 2009-2010 **repite** 5º curso de educación primaria, de ser o caso, ou 3º da ESO: non realizan a proba, polo que deben ser eliminados da listaxe, se é o caso.
  - d. Alumnado que no curso 2009-2010 **repite** 4º curso de educación primaria ou 2º da ESO: deben realizar a proba, polo que deberá ser incorporado á listaxe no caso de que non estean nela.
  - e. Alumnado que **non aparece no grupo** que lle corresponde: o procedemento a seguir neste caso consultarase no manual da aplicación, no punto 3.3.
7. As persoas encargadas da aplicación da proba deberán ter, ademais dos materiais de aplicación, a listaxe do alumnado que se vai avaliar, co fin de poder anotar as incidencias se produzan o día da proba. Ademais, nesa listaxe anotarase tamén o alumnado que está exento da realización da proba e o que, aínda que a realiza, non vai ser obxecto de corrección e carga de resultados (artigo 5.4 e artigo 13 da

resolución do 18 de maio). Para obter esta listaxe, consultar o punto 5.6 “mantemento de grupos” do manual do usuario da aplicación *avaldia*.

8. Estas listaxes, xunto cos caderniños e cuestionarios cubertos, serán entregadas pola persoa aplicadora, **despois da proba**, á dirección do centro, para a súa corrección posterior por parte do profesorado encargado da mesma, de conformidade co disposto no artigo 11.2 da resolución.
9. Cómpre que a descarga dos materiais se faga coa suficiente antelación como para realizar as copias precisas para todos os axentes participantes. A dirección do centro é responsable da confidencialidade deste material, tal e como se establece no artigo 9º da resolución antes citada.
10. Todos os centros deberán descargar, cando menos, os seguintes materiais (pestanas 7.1, 7.2 e 7.3 da aplicación *avaldia*):
  - a. Caderniño A da competencia en comunicación lingüística.
  - b. Caderniño B da competencia en comunicación lingüística.
  - c. Caderniño A da competencia matemática.
  - d. Caderniño B da competencia matemática.
  - e. Manual de aplicación da proba (común para primaria e secundaria).
  - f. Manual de corrección do caderniño A da competencia en comunicación lingüística.
  - g. Manual de corrección do caderniño B da competencia en comunicación lingüística.
  - h. Manual de corrección do caderniño A da competencia matemática.
  - i. Manual de corrección do caderniño B da competencia matemática.
  - j. Cuestionario de dirección.
  - k. Cuestionario de profesorado titor.
  - l. Cuestionario do alumnado.
  - m. Cuestionario de familias (en galego e en castelán).
  - n. Manual de corrección dos cuestionarios (común para todos eles).
  - o. Arquivos de audio para a comprensión oral (ou, no seu caso, os seus equivalentes en formato texto).
  - p. Manual de usuario da aplicación *avaldia*.
11. Tal e como se establece no manual de aplicación da proba, a metade do grupo do alumnado realizará a modalidade A dos caderniños das competencias e a outra metade a modalidade B.

12. Os arquivos de audio forman parte da avaliación da competencia lingüística, en concreto do aspecto referido á comprensión oral. Para facilitar a aplicación desta parte, caben dúas posibilidades:


- a. Baixar o arquivo de audio da aplicación e gravalo nun CD, pen drive ou similar e prever os medios para a súa reprodución o día da proba, garantindo unhas condicións de audición correcta.
- b. En caso de imposibilidade de utilizar o arquivo de audio, baixarase o arquivo correspondente á comprensión oral en formato de texto (tamén está na aplicación) e que a persoa aplicadora proceda á súa lectura, primeiro en galego, logo en castelán, da maneira máis similar posible a como se realiza no formato de audio. Neste caso recoméndase que a persoa aplicadora, previamente, se familiarice cos textos que ten que ler nas dúas linguas.

13. Calquera incidencia relativa á aplicación informática debe ser posta en coñecemento da Unidade de Atención a Centros (UAC), para a súa resolución, a través dos seguintes canais de contacto:

- Correo electrónico: [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es)
- Páxina web: [www.edu.xunta.es/uac](http://www.edu.xunta.es/uac)
- Teléfono: 902.905.445
- Fax: 981.934.400

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2009

O DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E  
INNOVACIÓN EDUCATIVA



Asdo.: José Luís Mira Lema